



## PARTICIPACIÓN POR VÍA TELEMÁTICA NAS XUNTAS XERAIS RESULTADOS DA ENQUISA: DATOS, ANÁLISE E LIÑAS DE MELLORA

### Características da enquisa

A enquisa tiña como propósito recoller as opinión e experiencias de primeira man dos colexiados para, a partir delas, analizar e definir os principais aspectos nos que hai que incidir para mellorar o sistema e o desenvolvemento das Xuntas Xerais.

A enquisa realizouse entre os 88 colexiados que tiñan habilitada a participación por vía telemática nas Xuntas Xerais do 26 de maio. Destes 88 colexiados de alta, tiveron unha participación efectiva nas Xuntas un total de 40. A enquisa foi cuberta por 30 colexiados, polo que se obtén unha mostra moi representativa da experiencia dos participantes por vía telemática (75%) .

### Resultados agregados

#### 1) ¿Qué funcións da participación por vía telemática utilizaches nas últimas Xuntas Xerais?

Seguimento por streaming	73,33%
Intervención no debate mediante "chat"	10,00%
Votación electrónica	93,33%

#### 2) Seguimento da retransmisión da Xunta por streaming

##### Acceso á retransmisión

Accedín sin dificultades	68,18%
Accedín con algunha dificultade	22,73%
Non puideron acceder	9,09%

##### Calidade da retransmisión

A imaxe e o sonido permitían seguir perfectamente o desenvolvemento da Xunta	80,00%
A imaxe e o sonido permitían seguir a Xunta, pero con algunha dificultade	15,00%
A imaxe ou o sonido non permitían seguir a Xunta	5,00%

### Intervención vía chat

A intervención vía chat resulta sinxela e clara	88,89%
A intervención vía chat non resulta clara, operativa ou non funciona	11,11%

### 3) Votación electrónica

#### Aspectos técnicos

Votei sin experimentar dificultades técnicas	71,43%
Votei, pero tiven algún problema técnico para facelo	17,86%
Non conseguín votar debido a problemas técnicos	10,71%

#### Claridade e facilidade de uso da ferramenta

A ferramenta de voto é clara e sinxela de utilizar	77,78%
A ferramenta de voto non resulta clara ou sinxela de utilizar	22,22%

#### Intervalo temporal para realizar o voto de cada punto

O intervalo temporal para emitir o voto debe ser superior	61,54%
O intervalo temporal dado é suficiente para emitir o voto	38,46%

### 4) Valoración xeral

	Moi satisfeito	Satisfeito	Algo satisfeito	Non satisfeito
Procedemento de alta nas novas vías de participación	34,48%	55,17%	6,90%	3,45%
Seguimento por streaming	37,50%	37,50%	16,67%	8,33%
Intervención no debate a través de chat	41,67%	33,33%	16,67%	8,33%
Votación electrónica	26,67%	43,33%	10,00%	20,00%

### Comentarios e liñas de mellora

A continuación expóñense as principais conclusións extraídas a partires dos datos agregados expostos, así como de todos os comentarios individuais realizados polos colexiados que se recollen no anexo I.

- 1) **Procedemento de alta.** O mecanismo de alta é satisfactorio para a gran maioría dos colexiados. Non obstante, detectouse que 4 colexiados proporcionaron datos erróneos sobre os seus medios de acceso persoal (mail, teléfono móbil) á hora de asinar o compromiso de sinatura electrónica acordada. Por este motivo, estes colexiados non puideron recibir as credenciais de acceso ao streaming ou a OTP para o voto, imposibilitando o acceso á participación por vía telemática.  
Para evitar estas incidencias, **en diante solicitarase a confirmación dos datos de acceso persoal** (mail, teléfono móbil) unha vez se rexistra o compromiso de sinatura electrónica acordada e no correo informativo da Xunta Xeral. Esta confirmación realizarase tanto na conta proporcionada para o compromiso (igual que ata agora) como na(s) que figura(n) na ficha colexial.

## 2) Retransmisión da Xunta (streaming e intervención por chat).

- i. **Compatibilidade navegadores.** Inda que a tecnoloxía utilizada para a emisión do video+audio se basea nun estándar web (html5), algún colexiados trasladan que en determinados navegadores (particularmente algunhas instalacións/versións Safari+Mac) non se podía cargar a retransmisión. Así, compre verificar que o provedor do sinal garanta a completa **compatibilidade cunha lista de navegadores/versións maioritarios** predefinida. Inda que a suma de Chrome+Mozilla Firefox+Internet Explorer abrangue o 95% dos navegadores utilizados, tanto universalmente como no COAG, procurárase estender e probar de forma efectiva (qué versións concretas) a compatibilidade con navegadores como Safari e Ópera.
- ii. **Seguimento a través de dispositivos móbiles.** A emisión do video realízase a 720p, unha resolución que a maioría dos colexiados califica de satisfactoria para o seguimento da Xunta. O dispositivo de recepción (pc, tablet, móbil,...) “negocia” automaticamente a resolución á que pode reproducir o video según o ancho de banda dispoñible. Normalmente, un dispositivo móbil recibirá a imaxe a 480p ou 240p, o que equivale a un consumo activo de ~200k. Isto pode provocar que en dispositivos móbiles con conexións de datos tipo 3G ou 4G se produzan cortes debidos á mobilidade e consumos altos tendo en conta a duración das sesión (~5h). Algo semellante ocurriría en outras plataformas de streaming como youtube. En previsión disto, no entorno de recepción xa existe a posibilidade de activar só a recepción de audio para o seguimento de toda ou parte(s) da sesión. Non obstante, **procurárase introducir mecanismos de redución do consumo de datos** que, inevitablemente, suporán unha diminución da calidade de recepción, así como informar da posibilidade xa existente de activar só o audio no caso de estar conectados desde móbil mediante a tarifa de datos.
- iii. Procurar que todos os intervinientes na Xunta en sala utilicen os micrófonos de maneira que **o sinal de audio sexa sempre claro.**

## 3) Votación electrónica.

- i. Á hora de valorar o procedemento de voto electrónico, **o 60% dos colexiados solicita unha “ventá temporal” de votación máis ampla.** Estes colexiados plantexan distintas posibilidades para articular o voto dos puntos. Neste sentido, a idea é establecer nas próximas xuntas un periodo homoxéneo previamente definido para realizar a votación de cada punto (~20 min). Para os puntos de especial transcendencia (como por exemplo a aprobación de estatutos), procurárase que a “ventana” de votación sexa o suficientemente ampla como para garantir na medida do posible unha participación masiva.
- ii. Algúns colexiados tardaron en recibir o SMS coa clave “OTP” de voto. Isto, sumado aos intervalos temporais de votación, provocou neses colexiados reintentos, recargas, etc. A recepción do SMS é moi dependente da compañía de telefonía que se utilice e do momento, xa que todas as claves son enviadas de forma instantánea. Este comportamento (inmediatez ou retraso do SMS) ocorre con outros sistemas similares como a banca electrónica. Neste sentido,

o feito de **ampliar os intervalos dispoñibles para a votación**, como se describe no apartado anterior, fará que a incidencia no retraso que poidan ter nalgún momento as claves OTP non sexa significativo.

- iii. A “autolectura” do SMS coa OTP non se contempla de momento, xa que implicaría votar mediante unha app que tivese permisos para acceder ao dispositivo (o voto execútase baixo navegador). Non obstante, traballarase co provedor nun **incremento da adaptación da navegación da aplicación sobre dispositivos móbiles**. Ó mesmo tempo, a aplicación de voto debe incorporar funcionalidades como o troco de contrasinal ou a conexión de link directa desde a web do COAG.

Os aspectos identificados incluíranse dentro das liñas de traballo para a mellora do sistema, buscando a súa implementación efectiva acorde ao estado da tecnoloxía e á dispoñibilidade orzamentaria, así como aos propios marcos regulamentarios de desenvolvemento das Xuntas Xerais.

## Anexo I - Relación de comentarios individuais

Recóllense, por apartados, todos os comentarios xerais individuais realizados polos colexiados que respostaron á enquisa, así como os comentarios de colexiados que experimentaron algún tipo de dificultade.

### Comentarios xerais

Aunque sea un comentario al margen del funcionamiento, que en general creo que es bueno, habría que ir pensando en eliminar los votos delegados ya que con esta nueva aplicación el que no vota es porque no quiere o no le interesa y resulta frustrante que un sólo colegiado con 10 votos delegados tenga más poder de decisión que 9 colegiados que votan individualmente. Un colegiado= 1 voto. Espero lo tengan en cuenta, si las encuestas valen para algo...
Calidad de retransmission por Streaming y audio debería ser mejor.
Conque funcionara desde un dispositivo movil me daría con un canto en los dientes
Creo que debería poder votarse en todos los puntos del orden del día al final, y aún mejor, contar con tiempo suficiente para poder ver la junta en streaming. Así como está, el voto telemático no resuelve el problema de falta de tiempo que motiva la no asistencia presencial, ya que requiere una atención continuada.
Máis tempo para votación, ou algún tipo de alerta. Bo traballo. Gracias!
Más tiempo para poder realizar la votación. Apertura de posibilidad de voto digital al inicio de la junta.
Mellorar o tempo de voto telemático, é difícil ás veces votar o mesmo tempo q atendes o traballo. saudos
No supe encontrar cómo ni desde donde se podía acceder al streaming. Debería quedar más claro cómo y desde donde se puede acceder. El tiempo de voto es corto si estás esperando el email, tienes que recibirlo y votar. Sería ideal poder tener acceso al recuento en sala a la vez que vemos el recuento telemático. Gracias y un saludo.
O problema non é tanto a aplicación para votar, como o procedemento establecido. Estase a consagrar o voto delegado, pois se non podo ir á xunta, tampouco poderé estar pendente do seu transcurso e as votacións. Penso que hai que separar o que é o debate da votación. Se unha vez acabada a xunta (o debate), teño un prazo de 12 ou 24 horas para votar, poderei ve-lo streaming e votar a conciencia. Pero tal e como está a cousa, o voto telemático resúltame inútil.
O procedemento podería estar encamiñado a que se poidese facer máis doado e directo dende o móvil, coma o xeito de que a páxina acade directamente a verificación unha vez recibida
Poder cambiar clave de acceso. Enlace directo en página de COAG

### Colexiados que experimentaron algunha dificultade no acceso ao streaming

Con Safari en Mac no funciona la retransmisión del vídeo. El voto si. Las claves para poder votar que llegan por mensaje llegaban tarde o no llegaban. Tuve que repetir algún voto varias veces.
Constantes cortes e recargas. Firefox
Google Chrome. He notado mucha tardanza en el proceso y confirmación por ejemplo del voto..no se si era lo normal al ser la primera vez para mi. He teclado y recibido varias claves para el voto de una sola pregunta..
No me funcionó ninguna clave
No valía con todos los navegadores
Probe con safari, fox y crome desde mi Ipad y no hubo manera, así que de poder votar o participar ni hablo
solo funciono con google chrome.

### Colexiados que experimentaron algunha merma na calidade do streaming

A veces se oía poco, aunque puede ser porque los interlocutores hablaban bajo o no acercaban el micrófono
El audio de los participantes no era de buena calidad, costaba seguir algunos de los comentarios.
Google Chrome. El tipo de conexión a internet no creo que sea el problema, al tener 100mb por fibra o cable del operador R.

Tiña que recargar o video constantemente e consumín un gran volume de datos

### **Colexiados que experimentaron algunha dificultade co voto electrónico**

Fixeno dende o movil e parece que non está pensado para facelo así. Complicouse co tema da validación en nalgunha opción non conseguín votar.
Las claves alguna vez llegaron con algo de retraso al móvil
Las claves por mensaje llegaban tarde o no llegaban
Lo comentado anteriormente.
No conseguí saber el código ¿OTP? o algo así para poder votar.
No recibí el mensaje al teléfono para la confirmación
Recibía mensajes por mail y accediendo al enlace se me de ia q la votacion ya habia terminado
se bloqueó el sistema varias veces, y al final conseguí votar borrando al caché del navegador y reiniciandolo.